

# Unha texana por terras de Cedeira

VICENTE ARAGUAS



**DE AMOR Y VIDA/DE AMOR E VIDA/OF LOVE AND LIFE**  
JANE DANKO

Ed. Sociedad Cultural Valle-Inclán. Ferrol, 2013.

**T**ítulo así, con maneiras de película que pasasen no Floreal ou no Tres de Oros, porque teño un antoxo. Ou se cadra, talvez, o antoxo de reivindicar a figura dunha muller polivalente, pintora, oleira, escritora, escultora tamén, quen veu vivir con nós, motivada polo amor (a un home), prolongado despois pola quenencia (a unha terra). Jane Danko chámase a dama.

Miúda ela, espilida, bulidora, disposta non soamente a embarcar en mil proxectos senón a facelo con quen se cruce no seu camiño con ideas na falchoca. Así Fernando Bores, quen volve editar de cando en vez para poñer na rúa libros utópicos, fermosos como loitar contra dos xigantes da indiferencia diante da fermosura, bravos cal o espírito deste home quen de levar a Ferrol naquela nao que se chamaba Esquíu ao universo poético mundial. Porque a noite da entrega dos premios, e non soamente esa noite pero moi espe-

cialmente entón, Ferrol era a capital do mundo da poesía.

Perdeuse aquilo e non houbera drama visible, porque ás veces a beleza procura formas soterradas para o pranto, pero as razóns abundaban. Así e todo o Fernando aí segue, desta volta para outorgarnos o libro de Jane Danko, De amor y vida/ De amor e vida/ Of Love and Life (Editorial Sociedad Cultural Valle-Inclán. Colección Soláster, Ferrol, 2013), en edición (obviamente) trilingüe. Escrito, e verquido, o libro nos tres idiomas que dominan a vida de Jane Danko, se é que algo manda na súa vida que non sexa ela mesma. Porque, reitero, é moito esta muller que colle as rendas dun cabalo salvaxe, o da súa poética, para dirixilo a partir da tenrura.

Da suavidade que se chama eros, terra, folclore, costumismo, belixerancia e non sei cantas cousas podería eu dicir destes poemas, que coñezo ben porque aceptei ser quen os puxera en galego (así que hoxe son parte, e quiz

máis ben pouco), e quero dicir que sendo como son libérrimos hai nelles un ponto radical que pide a meirande atención.

Acompáñanse da reprodución das gravuras orixinais (o libro fora nun principio un obxecto de arte, de espallamento moi limitado como é natural). Agora a cousa acada unha dimensión ampla, que pide a ollada dos que aman a poesía de xeito autónomo.

Son estes lectores adicados de poesía os que van atopar aquí pequenos, medios e aínda grandes formatos, para unha chea de poemas nos que América e Galicia, Texas e Cedeira fan por darse a man, por aloumiñarse as unhas coas outras nun xesto cordial.

O que tende esta muller de palabra naturalista e rexa, artista de moitas dimensións, dona da palabra e máis do sentimento, que veu vivir con nós tentando devolver parte do que aquí recibira.

Eis o froito deste agradecemento, tan ben feito medrar por Fernando Bores.


## A AMIZADE FRONTE A INDIFERENCIA

**UN PASEO POLO PARQUE**  
ANTHONY BROWNE

Tradución de Sandra e Óscar Senra Gómez

Kalandraka, 2013/15 euros.

Kalandraka agasállanos coa recuperación dun clásico de 1977 do afamado autor e ilustrador Anthony Browne, responsable de títulos tan destacados como "No bosque", "Sacapenas", "O libro dos porcos", "Que tal estas?" ou "Un gorila. Un libro para aprender a contar". Neste "Un paseo polo parque", Browne confronta a espontaneidade infantil fronte o illamento e a soidade que impera entre os adultos, destacando o xeito no que os nenos tenden a socializar e relacionarse namentres que os adultos son máis dados á incomunicación e ao individualismo. A historia, de lectura sinxela para o público infantil, afonda na naturalidade de dous pequenos que se atopan nun parque canda os seus pais e como mentres entre os primeiros xurde unha bonita amizade, entre os segundos non hai máis que indiferencia. Cómpre destacar tamén o aspecto surrealista das fermosas ilustracións que completan o libro, detalles que poderían pasar desapercibidos nunha primeira ollada, pero non na segunda.



## AMABEL QUERE AXUDAR A TODA COSTA

**O PODER DE AMABEL**  
ÉRICA ESMORÍS

Sushi Books / 12 euros

Amabel vive cos seus pais, a súa avoa e o seu irmán maior e, coa súa ollada de nena desdentada asiste ós conflitos familiares que se desatan porque o pai quedou sen emprego, a nai tense que poñer a traballar a xornada parcial e non pode coidar da avoa dependente e o seu admirado Bal está máis preocupado do fútbol e das mozas que dos estudos. Con este punto de partida Érica Esmorís desenvolve as peripecias desta nena e o seu amigo, que goza dunha situación económica oposta á dela, na procura do superpoder que lle corresponde para axudar á familia. E para sabelo, nada mellor que o método de proba-erro. Amabel cóntanos os seus experimentos con abraio e provoca a gargallada ante a frescura da ollada infantil e a lóxica aplastante que a guía para saber se pode voar ou se ten o poder da sanación. Cun estilo directo, a través da voz da propia nena, viaxamos da súa tensa casa á marabillosa piscina do seu amigo Roi, pasamos pola praia e sufrimos os castigos que padecen porque ninguén é quen de comprender os seus actos. Rimos e, ó cabo, tamén choramos cunha historia coa que todos nos identificamos. E si, ela ten un superpoder.

